



I PLAN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

2025 - 2029

Concello Val do Dubra
Xuño 2025

ÍNDICE

MARCO NORMATIVO	2
PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN	4
METODOLOXÍA.....	6
PLANIFICACIÓN	9
EIXO 1. DEREITOS DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA.....	10
EIXO 2. PARTICIPACIÓN DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA NA VIDA MUNICIPAL.	13
EIXO 3: RECURSOS E SERVIZOS BÁSICOS	18
EIXO 4: ENTORNO PROTECTO, SEGURO E LIMPO	21
EIXO 5: DEREITO AO XOGO, Á CULTURA E AO DEPORTE	24
PREVISIÓN ECONÓMICA.....	28
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	29

MARCO NORMATIVO

A planificación e posta en marcha de políticas locais destinadas á infancia e á adolescencia fundaméntanse nun sólido marco normativo que recoñece os dereitos das nenas, nenos e adolescentes. As diferentes disposicións outorgan ás entidades locais a responsabilidade de garantir a protección, a participación e o desenvolvemento integral da poboación máis miúda.

A nivel internacional **Convención sobre os Dereitos do Infancia¹ (CDN)**, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1989, foi ratificada por España no ano 1990. Esta convención recoñece ás nenas e nenos como suxeitos de pleno dereito, destacando no artigo 12º o respecto ás súas opinións e promovendo o papel activo das administracións locais como garantes do establecido no documento.

A nivel nacional, a lexislación de referencia é a **Lei Orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor**, modificada pola **Lei Orgánica 8/2015**, que fortalece a protección integral da infancia e recoñece o **papel dos gobernos locais** como actores clave. Neste senso, a lei reforza a obriga de todas as administracións de garantir os dereitos da infancia, así como o desenvolvemento de políticas públicas participadas por nenas, nenos e adolescentes. Igualmente, insta á coordinación entre as diferentes administracións para facer efectivos e reais os dereitos recoñecidos.

Colle sinalar tamén, os avances a través da **Lei Orgánica 8/2021, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte a violencia**. Esta norma supón un avance lexislativo fundamental no Estado español, ao establecer un enfoque integral, preventivo e de dereitos fronte a todas as formas de violencia que poden sufrir as nenas, nenos e adolescentes.

Por outra banda, a Estratexia Estatal de Dereitos da Infancia e a Adolescencia (2023-2030) fornece un marco estratéxico común para todas as administracións e recomenda a adopción de **plans locais específicos** e o impulso da **participación infantil e adolescente**.

¹ Orixinalmente, este documento leva o nome de Convención dos Dereitos do Neno. No marco deste documento, referirémonos a ela empregando o termo infancia para ofrecer unha linguaxe máis inclusiva.

En Galicia, a **Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia**, e a **Lei 4/2023, de 6 de xullo, de infancia e adolescencia**, conforman o eixo da normativa autonómica. Concretamente, a Lei 4/2023 recoñece expresamente o dereito das nenas, nenos e adolescentes a:

- ◆ escoitar a súa voz en todos os asuntos que lles afecten,
- ◆ acceder a recursos adecuados para o seu benestar,
- ◆ participar activamente na vida social, educativa e institucional do seu contorno.

Ademais, esta lei **atribúe aos concellos a responsabilidade de promover espazos de participación**, de elaborar plans locais de infancia e de establecer **protocolos de coordinación** con outros niveis da administración. Tamén prevé a creación de **órganos consultivos de participación infantil** e o fomento dunha cultura de respecto aos dereitos da infancia en todos os ámbitos da vida local.

O marco normativo vixente, dende a Convención Internacional ata a lexislación galega, non só recoñece senón que **esixe ás administracións públicas —incluíndo as locais— garantir, protexer e promover os dereitos da infancia e adolescencia**. Un **Plan Municipal de Infancia e Adolescencia** baséase nesta obriga legal e ética, e constitúe unha ferramenta estratéxica para construír comunidades máis xustas, inclusivas e respectuosas cos dereitos de todos os seus membros máis novos.

PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

Os principios que guían o I Plan de Infancia e Adolescencia, son coincidentes cos establecidos no traballo diagnóstico, e permiten unha contextualización das necesidades reais da comunidade de Val do Dubra.

- 1. Perspectiva de dereitos da infancia:** O informe fundaméntase na Convención sobre os Dereitos da Infancia, asegurando que se recoñezan, protexan e promovan os dereitos da infancia e adolescencia en todas as actuacións.
- 2. Participación activa da infancia e adolescencia:** O diagnóstico inclúe a voz, opinión e percepcións de nenos, nenas e adolescentes, tendo en conta o seu punto de vista na análise da súa realidade.
- 3. Enfoque integral e interdisciplinar:** Abrangue todos os aspectos que afectan ao benestar da infancia e adolescencia, como a saúde, educación, lecer, familia, protección social e participación comunitaria.
- 4. Igualdade e non discriminación:** Pon atención ás situacións de desigualdade, discriminación ou exclusión social, promovendo a igualdade de oportunidades para todos os nenos, nenas e adolescentes.
- 5. Sensibilidade ás diversidades:** Recoñece e promove o respecto da diversidade cultural, funcional, socioeconómica e de xénero, valorando as necesidades específicas de cada grupo.
- 6. Base empírica e rigor técnico:** Parte de datos fiables, tanto cualitativos como cuantitativos, e da aplicación dunha metodoloxía rigorosa para analizar a realidade local.
- 7. Perspectiva territorial:** Adáptase ao contexto específico do municipio, tendo en conta as súas características demográficas, económicas e culturais.
- 8. Transparencia e acceso á información:** Apertura e accesibilidade, fomentando a confianza e o compromiso da cidadanía e dos axentes implicados.

- 9. Colaboración e coordinación:** Integra a participación de diferentes axentes sociais, educativos, políticos e técnicos para lograr unha visión conxunta e consensuada.
- 10. Adaptabilidade e flexibilidade:** Parte da posibilidade de actualización ou revisión en función de cambios no contexto ou das necesidades emerxentes.

METODOLOXÍA

O I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Val do Dubra baseouse nun proceso aberto e participativo que puxo no centro a escoita activa e o recoñecemento das nenas, nenos e adolescentes como suxeitos de dereitos e protagonistas do seu presente e futuro.

Este enfoque participativo permitiu construír un plan axustado ás necesidades e demandas da infancia e adolescencia a nivel municipal, e ao mesmo tempo, fortalece a cultura democrática, a corresponsabilidade comunitaria e o compromiso co cumprimento dos dereitos das nenas, nenos e adolescentes.

Neste senso, a metodoloxía de traballo deseñada garantiu a participación real e significativa da poboación miúda de Val do Dubra, e tamén, o acompañamento no proceso da parte adulta, representada no persoal político e técnico municipal, así como en diferentes asociacións e entidades locais con especial vínculo coa infancia e a adolescencia.

Figura nº1: Espazos participativos para a elaboración do I Plan de Infancia e Adolescencia



Fonte: elaboración propia

Os espazos de traballo participativos concretáronse nas seguintes propostas de actuación:

a) **Mesas de traballo con persoal político, técnico e entidades sociais**

- **Obxectivo:** planificar accións que permitan dar resposta ás necesidades, demandas e problemáticas identificadas na fase avaliativa de diagnose.
- **Composición:** Representantes políticos, persoal técnico de áreas clave (educación, servizos sociais, urbanismo e obras, entre outras) e entidades sociais como asociacións veciñais, clubs deportivos, asociacións culturais e ambientais, con especial atención a aquelas que desenvolven accións dirixidas á rapazada do municipio.
- **Metodoloxía:**
 - En pequenos grupos de 2-3 persoas, desenvolvemento a dinámica de recollida de propostas e accións. Establecéronse 5 puntos informativos ou estacións de traballo, cada unha de las coincidentes cos cinco eixos de traballo representados no marco do plan de infancia e adolescencia. Neste punto de traballo, o grupo tiña un cartel coas principais problemáticas identificadas nese eixo, e un espazo aberto para poder escribir posibles solucións transformadas en propostas de acción a nivel municipal.

b) **Talleres participativos con nenos, nenas e adolescentes**

- **Obxectivo:** Reflexionar sobre o resultado da avaliación diagnóstica e propoñer ideas concretas que melloren a calidade de vida no concello, con especial atención ás crianzas e adolescentes.
- **Actividades empregadas:**
 - A través da identificación de necesidades, problemas e desexos dun xeito creativo e visual, traballouse co grupo de nenas, nenos e adolescentes coa man dos dereitos que propón Unicef, para encaixar as propostas realizadas nalgúns dos seguintes eixos temáticos:

- Dereitos de infancia e da adolescencia
- Participación
- Recursos e servizos básicos
- Entorno protector, seguro e coidado
- Dereito ao xogo, cultura e deporte

A centralidade do traballo encamiñouse a xerar un espazo de reflexión colectiva sobre aqueles aspectos que farían do concello de Val do Dubra un lugar mellor para todo o mundo; identificando cousas que están ben e nos dan calidade de vida e aquelas que están mal ou son mellorables.

Unha vez recompilada toda a información resultante dos obradoiros participativos coas nenas, nenos e adolescentes e as mesas de traballo adultas, realizouse unha reunión coas persoas que integrarán a **Comisión Interna de Seguimento** do Plan de Infancia e Adolescencia a nivel municipal.

O obxectivo desta reunión era facer un traballo de filtro das diferentes propostas e accións, valorando as súas implicacións técnicas e orzamentarias para poder deseñar un plan axustado, realista e sostible no tempo.

PLANIFICACIÓN

O I Plan de Infancia e Adolescencia do concello de Val do Dubra parte dunha estratexia de acción vinculada a cinco grandes eixos temáticos, que dan cobertura a dereitos fundamentais recoñecidos ás nenas, nenos e adolescentes.

- ◆ **Eixo 1.** *Dereitos da infancia e da adolescencia.*
- ◆ **Eixo 2.** *Participación da infancia e da adolescencia na vida municipal.*
- ◆ **Eixo 3.** *Servizos e recursos esenciais.*
- ◆ **Eixo 4.** *Entorno protector, seguro e limpo.*
- ◆ **Eixo 5.** *Xogo, cultura e deporte.*

O **OBXECTIVO XERAL** do plan é garantir un espazo de participación e recoñecemento das nenas, nenos e adolescentes como suxeitos de dereito. A partir deste marco de traballo, concretamos os seguintes obxectivos específicos:

- ◆ Garantir o coñecemento, respecto e promoción dos dereitos da infancia e adolescencia no ámbito municipal.
- ◆ Reforzar os espazos e mecanismos estables para a participación activa e real da infancia e adolescencia na vida do municipio.
- ◆ Asegurar o acceso equitativo da infancia e adolescencia a servizos públicos esenciais de calidade.
- ◆ Crear un entorno físico e social que garanta a seguridade, protección e benestar da infancia e adolescencia.
- ◆ Garantir o dereito ao xogo, ao ocio e á participación cultural e deportiva de forma inclusiva e igualitaria.

EIXO 1. DEREITOS DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA

OBXECTIVO XERAL: Garantir o coñecemento, respecto e promoción dos dereitos da infancia e adolescencia no ámbito municipal.

Acción 1.1. <i>Medida puntual</i>	APROBACIÓN DO I PLAN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA MUNICIPAL (2025 – 2029)
ORZAMENTO	0 - 500 €
TEMPORALIDADE	2025
ÁREA COORDINADORA	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: Aprobación oficial do Plan por parte do Pleno (si/non e data); N° de sesións de traballo desenvolvidas para a redacción do plan (técnicas, políticas, participativas...); N° de nenas, nenos e adolescentes implicados/as no proceso participativo previo á redacción; N° de entidades locais (educativas, sociais, culturais, deportivas...) que participaron na elaboración; Inclusión dun diagnóstico actualizado e participativo como base do Plan (si/non). DE RESULTADO: Publicación e difusión do Plan entre a cidadanía, centros educativos e tecido asociativo; N° de áreas municipais implicadas na execución do Plan desde a súa aprobación. DE IMPACTO: Inclusión da perspectiva de infancia e adolescencia na planificación das políticas municipais.	

Acción 1.2. <i>Medida continua</i>	SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO I PLAN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA MUNICIPAL (2025 – 2029)
Orzamento aproximado	0 – 500 €/ ano
Previsión temporal	2025 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: Aprobación ou constitución formal da comisión técnica (si/non e data); N° de áreas ou departamentos municipais representados na comisión; Nomeamento dunha persoa coordinadora ou responsable técnica do seguimento do Plan; N° de reunións previstas e realizadas no ano. DE SEGUIMIENTO: N° de informes ou actas elaboradas sobre o grao de execución das medidas do Plan; Nivel de cumprimento do calendario de reunións e accións previstas; N° de propostas de mellora ou reaxuste de medidas detectadas pola comisión. DE IMPACTO: Integración da cultura de avaliación e seguimento continuo nas políticas de infancia do Concello; Inclusión do enfoque de dereitos da infancia na planificación doutras áreas municipais.	

Acción 1.3. <i>Medida puntual</i>	CAMPAÑA INFORMATIVA SOBRE OS DEREITOS DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA
Orzamento aproximado	0 – 500 €
Previsión temporal	2025 - 2027
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: N° de centros educativos e entidades locais implicadas na difusión da campaña; N° de materiais informativos elaborados (carteis, vídeos, redes sociais, etc.) e contido dos mesmos. DE SEGUIMIENTO: N° de accións realizadas (obradoiros, exposicións, publicacións dixitais...). DE IMPACTO: Alcance estimado da campaña (ex. número de persoas que accederon aos contidos en liña ou participaron nas actividades).	

Acción 1.4. <i>Medida continua</i>	CONMEMORAR O 20 DE NOVIEMBRE DE FORMA COLABORATIVA ENTRE O CONCELLO, OS CENTROS EDUCATIVOS E O TECIDO ASOCIATIVO LOCAL
Orzamento aproximado	0 - 500 €/ ano
Previsión temporal	2025 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: N° de reunións previas e contido antes dos eventos ou actos de conmemoración; N° de actividades organizadas con motivo do 20 de novembro (obradoiros, actos simbólicos, exposicións, campañas...). DE SEGUIMIENTO: N° de centros educativos e entidades do tecido asociativo participantes; N° de materiais conmemorativos elaborados (carteis, vídeos, publicacións...); Nivel de implicación da infancia e adolescencia no deseño das actividades. DE IMPACTO: Consolidación da xornada como data anual de referencia no calendario municipal; Incremento da implicación de novos axentes comunitarios na organización da conmemoración ano tras ano.	

Acción 1.5. <i>Medida continua</i>	INCLUIR CLÁUSULAS SOCIAIS NOS PREGOS DE CONTRATACIÓN DOS CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN (E OUTRAS ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á INFANCIA E ADOLESCENCIA) QUE ABORDEN TEMÁTICAS RELACIONADAS COS DEREITOS DA INFANCIA E ADOLESCENCIA
Orzamento aproximado	0 €
Previsión temporal	2027 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: N° de contratos municipais que inclúen cláusulas sociais vinculadas á promoción dos dereitos da infancia; Tipoloxía e contido das cláusulas incluídas (ex. obrigatoriedade de desenvolver actividades sobre dereitos, enfoque inclusivo, formación do persoal...). DE SEGUIMIENTO: N° de persoal técnico municipal formado sobre como redactar e aplicar cláusulas sociais. DE IMPACTO: Nivel de satisfacción das familias e das nenas, nenos e adolescentes co contido educativo dos campamentos.	

EIXO 2. PARTICIPACIÓN DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA NA VIDA MUNICIPAL.

OBXECTIVO XERAL: Reforzar os espazos e mecanismos estables para a participación activa e real da infancia e adolescencia na vida do municipio.

Acción 2.1. <i>Medida puntual</i>	CREAR E APROBAR O CONSELLO LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA
Orzamento aproximado	0 - 500 €
Previsión temporal	2025
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: Aprobación formal do regulamento ou norma de funcionamento do Consello (si/non e data); Nº de sesións de traballo previas para deseñar a estrutura, composición e funcións do Consello; Nº de nenas, nenos e adolescentes que participaron no proceso de cocreación ou validación da proposta.; Nº de entidades e áreas municipais representadas no Consello (parte adulta). DE RESULTADO: Constitución efectiva do Consello (si/non e data); Nº de sesións realizadas desde a súa creación; Porcentaxe de asistencia media nas reunións por parte da representación infantil e adulta.: Nº de propostas, opinións ou demandas trasladadas pola infancia e adolescencia a través do Consello; Nivel de satisfacción das persoas participantes coa dinámica e utilidade do Consello. DE IMPACTO: Integración sistemática das propostas do Consello na planificación municipal (nº de propostas incorporadas); Percepción da infancia e adolescencia de ser escoitadas nas decisións do Concello (avaliado mediante enquisas ou dinámicas participativas).; Consolidación do Consello como órgano estable e recoñecido pola comunidade local; Inclusión do Consello en procesos consultivos e decisorios sobre políticas municipais que afecten á infancia.	

Acción 2.2. <i>Medida continua</i>	DINAMIZAR O GRUPO DE PARTICIPACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE CON REUNIÓN PERIÓDICAS
Orzamento aproximado	4000 - 6000 €/ano
Previsión temporal	2025 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: Nº de reunións do Grupo dinamizadas; nº de propostas derivadas do proceso de participación. DE SEGUIMIENTO: Grao de satisfacción do grupo de representantes co proceso dinamizado.	

Acción 2.3. <i>Medida continua</i>	XORNADA DE PORTAS ABERTAS DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA PARA A INFANCIA E ADOLESCENCIA
Orzamento aproximado	0 €
Previsión temporal	2025 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: N° de xornadas celebradas ao ano; N° de departamentos municipais que participan na organización da actividade; N° de centros educativos que colaboran ou participan; N° total de nenas, nenos e adolescentes asistentes desagregados por sexo e idade. DE SEGUIMENTO: Grao de satisfacción das crianzas, profesorado e persoas responsables das entidades participantes. DE IMPACTO: Inclusión regular desta xornada como actividade estable no calendario educativo e municipal.	

Acción 2.4. <i>Medida puntual</i>	CREAR UN ESPAZO VIRTUAL PARA RECOLLER SUXESTIÓNS DIRIXIDAS AO CONCELLO DE VAL DO DUBRA
Orzamento aproximado	0 - 500 €
Previsión temporal	2025 - 2027
Área coordinadora	Servizos sociais e TICS
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: Creación e posta en marcha do espazo virtual (si/non); N° de campañas informativas realizadas para dar a coñecer a ferramenta entre a infancia e adolescencia. DE RESULTADO: N° total de suxestións recibidas a través do espazo virtual; % de suxestións respondidas polo Concello cunha valoración ou devolución. DE IMPACTO: Integración progresiva de propostas recollidas a través da ferramenta nas políticas e actuacións municipais.	

Acción 2.5. <i>Medida continua</i>	PAPEL ASESOR EN CULTURA E DEPORTE DO GRUPO DE PARTICIPACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE MUNICIPAL
Orzamento aproximado	500 - 1500 €/ano
Previsión temporal	2025 - 2029
Área coordinadora	Cultura e deporte
Indicadores	
DE EXECUCIÓN: N° de actividades ou proxectos culturais e deportivos nos que o Grupo de Participación ten un papel activo ou asesor (ex. propostas de eventos, actividades, campañas...); Elaboración de materiais ou recursos (información, propostas, guías...) para asesorar na creación de actividades culturais e deportivas para a infancia e a adolescencia. DE RESULTADO: N° de propostas do Grupo de Participación integradas nas programacións culturais e deportivas municipais; Grao de satisfacción do Grupo de Participación cos espazos e mecanismos establecidos para asesorar no ámbito cultural e deportivo. DE IMPACTO: Incremento na oferta de actividades culturais e deportivas adaptadas ás necesidades e intereses da infancia e adolescencia; Aumento da participación infantil e adolescente en actividades culturais e deportivas municipais, grazas ao asesoramento do Grupo.	

Acción 2.6. <i>Medida puntual</i>	HABILITAR UN ESPAZO PARA AS REUNIÓN DO GRUPO DE PARTICIPACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE MUNICIPAL
Orzamento aproximado	0 - 500 €
Previsión temporal	2025
Área coordinadora	Obras e servizos sociais
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: Habilitación do espazo físico específico para as reunións do Grupo de Participación (si/non); N° de reunións do Grupo realizadas no espazo habilitado; Adecuación do espazo ás necesidades do grupo (tamaño, accesibilidade, recursos...).	

Acción 2.7. <i>Medida puntual</i>	FORMACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO MUNICIPAL SOBRE DEREITOS DA INFANCIA E ADOLESCENCIA E PARTICIPACIÓN INFANTIL
Orzamento aproximado	500 – 1000 €
Previsión temporal	2025 - 2027
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: N° de horas totais dedicadas á formación sobre dereitos da infancia, adolescencia e participación infantil; N° de persoas que reciben a formación desagregada por sexo e cargo municipal. DE RESULTADO: Grao de satisfacción das persoas participantes co contido e a calidade da formación (avaliado mediante enquisas post-formación). DE IMPACTO: Mellora nas condicións de participación infantil e adolescencia nos servizos municipais (avaliado mediante retroalimentación ou informes internos); Incremento no uso de metodoloxías participativas en actividades e políticas municipais.	

Acción 2.8. <i>Medida continua</i>	INCLUIR Á INFANCIA E ADOLESCENCIA NOS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ EXISTENTES A NIVEL MUNICIPAL
Orzamento aproximado	0 €
Previsión temporal	2025 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: N° de órganos de participación cidadá nos que se inclúe á infancia e adolescencia (ex. consellos municipais, mesas de traballo, foros comunitarios, etc.); N° de nenas, nenos e adolescentes nomeados para formar parte dos órganos de participación desagregados por sexo e idade; N° de reunións con presenza activa da infancia e adolescencia nos órganos de participación. DE RESULTADO: Grao de satisfacción dos membros infantís e adolescentes cos procesos de inclusión nos órganos de participación (avaliado mediante enquisas ou dinámicas de retroalimentación); N° de propostas ou temas levados pola infancia e adolescencia aos órganos de participación cidadá. DE IMPACTO: Incremento da participación cívica e política da infancia e adolescencia nos procesos locais; Consolidación da participación infantil e adolescente como parte do funcionamento ordinario dos órganos de participación cidadá.	

Acción 2.9. <i>Medida puntual</i>	CREAR UN ESPAZO COMUNICATIVO (TABOLEIRO...) PARA QUE O CLIA PODA INFORMAR SOBRE ACORDOS E PROPOSTAS AO RESTO DE NENAS, NENOS E ADOLESCENTES DO CONCELLO
Orzamento aproximado	0 - 250 €
Previsión temporal	2025 - 2027
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: Creación do espazo comunicativo para a difusión das propostas e acordos do CLIA (si/non); Adaptación do espazo para garantir accesibilidade a diferentes idades (ex. uso de linguaxe comprensible, formato visual atractivo). DE RESULTADO: Grao de satisfacción das persoas usuarias (nenas, nenos e adolescentes) co espazo para informarse sobre os acordos do CLIA (avaliado mediante enquisas ou dinámicas de retroalimentación). DE IMPACTO: Consolidación do espazo comunicativo como canle estable e recoñecida de difusión entre a mocidade do Concello.	

Acción 2.10. <i>Medida continua</i>	COORDINACIÓN DAS CELEBRACIÓNS PROGRAMADAS (NADAL, ENTROIDO...) ENTRE O CONCELLO, ANPAS, ASOCIACIÓNS...
Orzamento aproximado	0 €
Previsión temporal	2025 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: Nº de reunións de coordinación realizados entre as partes implicadas (Concello, ANPAS, asociacións...); Nº de entidades locais implicadas na coordinación das celebracións (ANPAS, asociacións culturais, deportivas, etc.). DE RESULTADO: Nº de actividades ou eventos realizados nas datas sinaladas (Nadal, Entroido...) grazas á coordinación entre as partes implicadas; Grao de participación da comunidade (infancia, adolescencia e familias) nas celebracións programadas. DE IMPACTO: Maior visibilidade e participación da infancia e adolescencia nas celebracións e eventos municipais.	

EIXO 3: RECURSOS E SERVIZOS BÁSICOS

OBXECTIVO XERAL: Asegurar o acceso equitativo da infancia e adolescencia a servizos públicos esenciais de calidade.

Acción 3.1. <i>Medida continuo</i>	PROGRAMA FORMATIVO QUE ABORDE TEMÁTICAS RELATIVAS Á VIOLENCIA MACHISTA, SEXUALIDADE, SAÚDE MENTAL...
Orzamento aproximado	1500 - 3000 € /ano
Previsión temporal	2025 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais e igualdade
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: N° total de sesións formativas realizadas e temática (violencia machista, educación afectivo-sexual, saúde mental...); N° de participantes desagregado por sexo e idade; Porcentaxe de centros educativos participantes no programa; Grao de satisfacción das persoas participantes coas actividades formativas. DE PROCESO: N° de profesionais ou entidades especializadas implicadas no deseño e execución do programa. DE IMPACTO: Mellora da percepción da mocidade sobre o respecto, a igualdade e o benestar emocional no seu entorno.	

Acción 3.2. <i>Medida puntual</i>	CAMPAÑA INFORMATIVA SOBRE OS SERVICIOS MUNICIPAIS E AS SÚAS FUNCÍONS
Orzamento aproximado	0 - 500 €
Previsión temporal	2025 - 2027
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE EXECUCIÓN: N° de materiais informativos elaborados (trípticos, infograías, contido web, etc.); N° de servizos municipais implicados na campaña (ex. biblioteca, deportes, urbanismo, educación...); Alcance da campaña (n° de persoas participantes desagregado por sexo e idade, visualizacións en redes, distribución de materiais) DE RESULTADO: N° de consultas ou interaccións con servizos municipais por parte de menores ou familias despois da campaña.	

Acción 3.3. <i>Medida continua</i>	CREACIÓN DUNHA ESCOLA DE FAMILIAS PARA ACOMPAÑAR O PROCESO DE CRIANZA
Orzamento aproximado	0 - 1000 €/ano
Previsión temporal	2027 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE RESULTADO: N° de sesións formativas realizadas dentro da Escola de Familias; N° de familias participantes na Escola de Familias (desagregado sexo e idade); Nivel de satisfacción das familias participantes cos contidos e dinámicas do programa. DE PROCESO: Cumprimento do calendario de accións e actividades programadas para o acompañamento.	

Acción 3.4. <i>Medida continua</i>	LIÑA DE SUBVENCÍONS PARA O ESTUDO DIRIXIDA A CRIANZAS DE FAMILIAS VULNERABLES
Orzamento aproximado	3000 - 5000 €/ano
Previsión temporal	2025 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais
INDICADORES	
DE RESULTADO: N° de solicitudes recibidas para a liña de subvencións; N° de crianzas beneficiarias das subvencións. DE PROCESO: Tempo medio de tramitación das solicitudes desde a recepción ata a concesión da subvención. DE IMPACTO: Mellora da igualdade de oportunidades educativas para crianzas de familias vulnerables; Redución do n° de fracaso escolar nas familias beneficiarias da subvención.	

Acción 3.5. <i>Medida puntual</i>	PROGRAMA FORMATIVO SOBRE COCIÑA E ALIMENTACIÓN SAUDABLE DIRIXIDO A FAMILIAS E CRIANZAS
Orzamento aproximado	0 - 500€
Previsión temporal	2027 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE RESULTADO: N° total de sesións formativas realizadas familias e crianzas); N° de participantes no programa desagregadas por sexo e idade; Porcentaxe de participantes que melloran a súa comprensión sobre nutrición e hábitos saudables ao finalizar o programa (avaliado mediante cuestionarios antes e despois). DE PROCESO: Porcentaxe de execución do orzamento previsto para o programa formativo.	

EIXO 4: ENTORNO PROTECTO, SEGURO E LIMPO

OBXECTIVO XERAL: Crear un entorno físico e social que garanta a seguridade, protección e benestar da infancia e adolescencia.

Acción 4.1. <i>Medida puntual</i>	CREAR E ACONDICIONAR ESPAZOS DE XOGO NAS PARROQUIAS
Orzamento aproximado	10.000 – 15.000 €
Previsión temporal	2027 - 2029
Área coordinadora	Obras
INDICADORES	
DE RESULTADO: N° de espazos de xogo parroquiais creados durante o período do plan; Porcentaxe de parroquias do concello que contan cun espazo de xogo adaptado á infancia; N° de espazos accesibles para crianzas con diversidade funcional. DE PROCESO: N° de sesións de participación infantil realizadas para deseñar os espazos; Porcentaxe do orzamento executado respecto ao previsto para a medida; N° de colaboracións con entidades locais (asociacións veciñais, culturais, etc.) para o desenvolvemento da medida. DE IMPACTO: Redución da desigualdade de acceso ao xogo entre parroquias rurais e zonas urbanas.	

Acción 4.2. <i>Medida puntual</i>	CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA AMBIENTAL (AUGA, LIXO, VIVENDAS, PLANTACIÓN, DIVERSIDADE FORESTAL...)
Orzamento aproximado	0 - 2000 €
Previsión temporal	2027 - 2029
Área coordinadora	Obras e servizos e medioambiente
INDICADORES	
DE RESULTADO: N° total de actividades de sensibilización realizadas (charlas, obradoiros, exposicións,...); N° de crianzas e adolescentes participantes nas actividades da campaña desagregado por sexo e idade; N° de centros educativos e entidades locais implicadas na campaña; N° de materiais distribuídos ou difundidos (trípticos, carteis,...) DE PROCESO: Porcentaxe do orzamento executado en relación ao orzamento previsto; N° de accións realizadas con participación infantil directa na planificación ou execución. DE IMPACTO: Aumento da implicación da infancia e adolescencia en accións ambientais locais tras a campaña.	

Acción 4.4. <i>Medida puntual</i>	CAMPAÑA PARA PROMOVER HÁBITOS ENCAMIÑADOS Á REDUCCIÓN DOS RESIDUOS, A RECICLAXE E A REUTILIZACIÓN
Orzamento aproximado	0 - 2000 €
Previsión temporal	2027 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais e medioambiente
INDICADORES	
DE RESULTADO: N° de actividades realizadas no marco da campaña (obradoiros, retos escolares, etc.); N° de crianzas e adolescentes participantes nas accións da campaña desagregados por sexo e idade; Porcentaxe de centros educativos implicados na campaña. DE PROCESO: N° de entidades colaboradoras (escolas, asociacións, empresas locais, etc.); N° de accións deseñadas ou co-deseñadas pola infancia. DE IMPACTO: Mellora na percepción ambiental do entorno escolar e comunitario segundo a poboación infantil.	

Acción 4.5. <i>Medida puntual</i>	PROGRAMA FORMATIVO DIRIXIDO Á POBOACIÓN ADULTA SOBRE FACTORES DE VULNERABILIDADE E INDICADORES DE MALTRATO E VIOLENCIA CONTRA A INFANCIA E A ADOLESCENCIA
Orzamento aproximado	0 - 500 €
Previsión temporal	2025 - 2027
Área coordinadora	Servizos sociais
INDICADORES	
DE RESULTADO: N° total de sesións formativas realizadas; N° de persoas adultas participantes desagregado por sexo e idade; (desagregado por perfil: familias, profesionais, voluntariado, etc.); Nivel de coñecemento adquirido sobre vulnerabilidade, maltrato e violencia antes e despois da formación (mediante cuestionarios ou autoavaliación); Grao de satisfacción das persoas participantes co programa formativo. DE PROCESO: N° de accións de difusión/información sobre o programa dirixidas á comunidade adulta. DE IMPACTO: Incremento de casos detectados e comunicados por persoas adultas formadas no programa.	

Acción 4.6. <i>Medida continua</i>	PROGRAMA DE REPARACIÓN E REPOSICIÓN DE MOBILIARIO URBANO. INFORME TRIMESTRAL POR PARROQUIAS
Orzamento aproximado	0 €
Previsión temporal	2025 - 2029
Área coordinadora	Obras e servizos
INDICADORES	
DE RESULTADO: Nº total de elementos de mobiliario urbano reparados ou substituídos (bancos, papeleiras, valados, xogos infantís, sinais...); Porcentaxe de parroquias con actuacións realizadas no trimestre; Tempo medio de reposición ou reparación desde a detección da incidencia. DE PROCESO: Nº de solicitudes ou avisos veciñais atendidos en relación ao mobiliario urbano; Porcentaxe do orzamento executado destinado ao programa en cada trimestre. DE IMPACTO: Redución das queixas veciñais relacionadas co estado do mobiliario urbano; Incremento do uso e permanencia da poboación infantil e adolescente nos espazos públicos mellorados.	

Acción 4.7. <i>Medida continua</i>	INFORMAR E FACER SEGUIMIENTO SOBRE O PROCESO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DOS RESIDUOS
Orzamento aproximado	0 €
Previsión temporal	2025 - 2029
Área coordinadora	Obras e servizos, educación e medioambiente
INDICADORES	
DE RESULTADO: Nº de accións informativas realizadas sobre a recollida e tratamento dos residuos (charlas, visitas, campañas, etc.); Nº de materiais informativos creados e distribuídos (vídeos, carteis, guías escolares,...). DE PROCESO: Nº de informes periódicos elaborados co seguimento da recollida e tratamento de residuos (p. ex., por trimestre ou semestre). DE IMPACTO: Maior implicación da comunidade educativa no control e mellora da recollida selectiva.	

EIXO 5: DEREITO AO XOGO, Á CULTURA E AO DEPORTE

OBXECTIVO XERAL: Garantir o dereito ao xogo, ao ocio e á participación cultural e deportiva de forma inclusiva e igualitaria.

Acción 5.1. <i>Medida continua</i>	AMPLIAR A OFERTA DEPORTIVA E CULTURAL PARA A INFANCIA E ADOLESCENCIA A NIVEL MUNICIPAL
Orzamento aproximado	10.000 – 15.000 €/ano
Previsión temporal	2025 - 2029
Área coordinadora	Cultura e deportes
INDICADORES	
DE RESULTADO: N° de actividades deportivas e culturais ofrecidas ao longo do ano; Porcentaxe de actividades dirixidas á infancia e adolescencia respecto do total da oferta; n° de participantes nas actividades deportivas e culturais desagregados por sexo e idade; Grao de satisfacción dos participantes coas actividades realizadas (avaliado mediante enquisas ou entrevistas). DE PROCESO: N° de sesións ou eventos realizados por tipo de actividade (espectáculos, xiros culturais, torneos, competicións deportivas, etc.); Colaboración de entidades externas ou escolas na organización e apoio das actividades (clubes deportivos, asociacións culturais, etc.); N° de iniciativas ou propostas infantís e xuvenís incorporadas á oferta, como concursos ou eventos organizados pola mocidade. DE IMPACTO: Aumento na participación de nenas, nenos e adolescentes en actividades deportivas e culturais en relación a anos anteriores; Maior diversidade de actividades ofertadas, cubrindo diferentes intereses (danza, deportes, teatro, música, etc.).	

Acción 5.2. <i>Medida puntual</i>	PROMOVER EXCURSIÓNS PARA XENTE NOVA DESDE O CONCELLO DE VAL DO DUBRA
Orzamento aproximado	0 - 1000€
Previsión temporal	2027 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
INDICADORES	
DE RESULTADO: N° de excursións realizadas durante o ano para a xente nova; n° de persoas participantes desagregadas por sexo e idade; Nivel de satisfacción dos participantes coas excursións realizadas (avaliado mediante enquisas ou entrevistas ao finalizar a actividade). DE IMPACTO: Aumento da percepción de pertenza e identidade local entre a mocidade do municipio grazas á participación nas excursións.	

Acción 5.3. <i>Medida puntual</i>	ORGANIZAR CONVIVENCIAS ENTRE COLEXIOS DO CONCELLO E OUTROS LIMÍTROFES
Orzamento aproximado	0 - 500 €
Previsión temporal	2027 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
Indicadores	
DE RESULTADO: N° de convivencias realizadas entre colexios do concello e outros limítrofes; N° total participantes nas convivencias (desagregado por sexo, idade, centro educativo, e tipo de actividade); N° e tipo de actividades realizadas durante as convivencias. DE PROCESO: N° de centros educativos implicados nas convivencias (do concello e dos limítrofes); N° de monitorado ou profesionais que participan na organización e dinamización das convivencias. DE IMPACTO: Aumento na participación nas actividades intercolexiais ao longo do tempo, con incremento de centros implicados; mellora nas relacións intercolexiais e de convivencia entre os estudantes de diferentes colexios, medido mediante entrevistas ou enquisas ao final das convivencias.	

Acción 5.4. <i>Medida puntual</i>	CREAR ACTIVIDADES INTERXENERACIONAIS PARA COMPARTIR ENTRE MAIORES E NENAS, NENOS E ADOLESCENTES
Orzamento aproximado	0 - 500 €
Previsión temporal	2027 - 2029
Área coordinadora	Servizos sociais e educación
Indicadores	
DE RESULTADO: N° total de actividades interxeracionais realizadas (obradoiros, encontros, xogos...); N° de persoas participantes en cada actividade desagregado por sexo e idade; Nivel de satisfacción das persoas participantes (avaliado mediante enquisas ou entrevistas ao finalizar as actividades). DE PROCESO: N° de espazos interxeracionais utilizados para desenvolver as actividades (centros de día, escolas, espazos comunitarios, parques...); N° de entidades ou grupos comunitarios involucrados na organización das actividades (asociacións de maiores, centros de xuventude, escolas, etc.). DE IMPACTO: Incremento nas participacións futuras en actividades interxeracionais, tanto de maiores como de mozos/as.	

Acción 5.5. <i>Medida puntual</i>	RESTAURAR A PISCINA (BORDES, TÁBOAS, PONTE DO PARQUE...)
Orzamento aproximado	0 – 35.000 €
Previsión temporal	2025 - 2027
Área coordinadora	Obras e servizos
Indicadores	
DE RESULTADO: N° de elementos restaurados ou mellorados na piscina (bordos, táboas, ponte, acceso, etc.); Cumprimento do prazo de execución das obras (se se fixeron dentro do tempo estimado ou se houbo demoras); Nivel de satisfacción das persoas usuarias da piscina co resultado da restauración (avaliado mediante enquisas ou entrevistas ao finalizar as obras). DE IMPACTO: Mellora na seguridade e accesibilidade da piscina para os usuarios, especialmente para crianzas e persoas maiores (avaliado mediante enquisas de seguridade e accesibilidade); Aumento no uso e frecuencia de acceso á piscina despois da restauración (comparado coas cifras anteriores á intervención); Mellora na calidade das instalacións e na percepción pública das mesmas.	

Acción 5.6. <i>Medida puntual</i>	ACONDICIONAR UNHA PISTA PARA XOGAR AO VOLEIBAL
Orzamento aproximado	0 - 1000 €
Previsión temporal	2025 - 2027
Área coordinadora	Deportes e obras
Indicadores	
DE RESULTADO: Nivel de satisfacción das persoas usuarias da pista despois do acondicionamento (avaliado mediante enquisas ou entrevistas); N° de persoas usuarias que utilizan a pista despois de acondicionada DE IMPACTO: Aumento na participación en actividades de voleibol e outras actividades deportivas na nova pista, comparado co número de usuarios previos ao acondicionamento.	

Acción 5.7. <i>Medida puntual</i>	CREAR UN ESPAZO PARA CRIANZAS PEQUENAS NA PISCINA MUNICIPAL
Orzamento aproximado	0 – 10.000 €
Previsión temporal	2027 - 2029
Área coordinadora	Obras e deportes
Indicadores	
DE RESULTADO: Nivel de satisfacción das persoas usuarias (familias e crianzas) co espazo creado (avaliado mediante enquisas ou entrevistas). DE IMPACTO: Incremento no uso do espazo por parte de crianzas pequenas e as súas familias, comparado co número de usuarios previos; Mellora na satisfacción das familias e das crianzas co espazo creado, especialmente en relación á comodidade, seguridade e accesibilidade.	

PREVISIÓN ECONÓMICA

A elaboración do I Plan de Infancia e Adolescencia de Val do Dubra require unha planificación económica realista e sostida no tempo que permita levar a cabo as accións propostas.

A previsión orzamentaria constitúe un elemento esencial para o éxito do plan, xa que permite dispoñer dos recursos necesarios para implementar medidas en ámbitos clave como a educación, saúde, lecer, protección social ou conciliación, por citar algúns exemplos.

Así pois, cun carácter aproximado e xeral, establécese a seguinte valoración económica para cada un dos eixos de traballo:

Taboa nº1: Resumo orzamentario do I Plan de Infancia e Adolescencia

	TOTAL € NO PERÍODO 2025 - 2029
EIXO 1	3000
EIXO 2	32.750
EIXO 3	37.000
EIXO 4	19.500
EIXO 5	108.000

Fonte: elaboración propia

A suma total da previsión económica a catro anos elevaríase a un total de 200.250 euros.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación e o seguimento son ferramentas imprescindibles para asegurar que as accións contempladas no plan son levadas a cabo con eficiencia, coherencia e impacto real. Este sistema permite coñecer se os obxectivos se están cumprindo, se as políticas e actuacións responden ás necesidades da infancia e adolescencia local, e se hai que introducir cambios ou reforzar determinados eixos de intervención.

Neste marco, a **Comisión de Seguimento Interno** xoga un papel clave como órgano dinamizador, coordinador e avaliador. Composta por representantes dos diferentes departamentos municipais implicados (servizos sociais, cultura, educación...), así como por persoal político, a comisión actúa como espazo de encontro, reflexión e toma de decisións. É a encargada de facer o seguimento periódico do plan, revisar o avance das accións, promover a colaboración interdepartamental e velar polo cumprimento dos principios de transversalidade, participación e equidade.

Un dos elementos fundamentais deste sistema é a **definición e uso de indicadores para cada unha das accións incluídas no plan**. Estes indicadores deben ser claros, medibles e relevantes, permitindo obter información obxectiva sobre cuestións como:

- ◆ O grao de execución das accións previstas (porcentaxe de cumprimento, recursos investidos, prazos respectados...).
- ◆ O nivel de participación da infancia e adolescencia nas actividades impulsadas.
- ◆ O impacto das actuacións sobre a mellora do benestar, a protección e os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.
- ◆ A identificación de desigualdades ou situacións de vulnerabilidade que requiran medidas adicionais.

A dispoñibilidade desta información permite unha xestión máis eficaz, transparente e responsable, favorece a toma de decisións baseada en evidencias, e contribúe á rendición de contas ante a cidadanía. Ademais, dota ao plan dunha dimensión dinámica e viva, xa que os datos recollidos poden conducir á reformulación de

accións, á inclusión de novas medidas ou á reorientación de prioridades, garantindo así a adaptabilidade do plan ás necesidades cambiantes da infancia e adolescencia.

Por outra banda, o sistema de avaliación tamén cumpre unha función pedagóxica e de mobilización social: permite visibilizar os logros acadados, poñer en valor o traballo conxunto de institucións e comunidade, e reforzar a cultura da planificación e da mellora continua na acción municipal.